



| Guía Docente          |  |                    |   |           |
|-----------------------|--|--------------------|---|-----------|
| Datos Identificativos |  |                    |   | 2024/25   |
| Asignatura (*)        | Teoría do Investimento   |                    | Código  | 611G02020 |
| Titulación            | Grao en Administración e Dirección de Empresas   |                    |   |           |
| Descritores           |  |                    |   |           |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo  | Créditos  |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Segundo            | Obrigatoria   | 6         |
| Idioma                | CastelánGalegoInglés   |                    |   |           |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |   |           |
| Prerrequisitos        |  |                    |   |           |
| Departamento          | Empresa  |                    |   |           |
| Coordinación          | Fernandez Castro, Angel Santiago   | Correo electrónico | angel.fernandez.castro@udc.es   |           |
| Profesorado           | Diaz Canosa, Sergio<br>Fernández Castro, Alejandro Manuel<br>Fernandez Castro, Angel Santiago<br>Llano Paz, Fernando de<br>Piñeiro Sanchez, Carlos<br>Suarez Massa, María Isabel Ana | Correo electrónico | sergio.diaz.canosa@udc.es<br>alejandro.fernandezc@udc.es<br>angel.fernandez.castro@udc.es<br>fernando.de.llano.paz@udc.es<br>carlos.psanchez@udc.es<br>isabel.suarez.massa@udc.es |           |
| Web                   |  |                    |   |           |
| Descrición xeral      | A materia pretende que o alumnado desenvolva as habilidades precisas para realizar a avaliación financeira de proxectos de investimento.   |                    |   |           |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A1                                  | Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.  |
| A2                                  | Integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización mediana ou grande e desempeñar con soltura calquera traballo de xestión nela encomendada.   |
| A3                                  | Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.  |
| A4                                  | Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.   |
| A5                                  | Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa.  |
| A6                                  | Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.   |
| A7                                  | Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.  |
| A8                                  | Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.  |
| A9                                  | Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.   |
| A10                                 | Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés  |
| A11                                 | Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.   |
| A12                                 | Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.  |
| B1                                  | CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2                                  | CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo              |
| B3                                  | CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.   |
| B4                                  | CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado  |
| B5                                  | CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía   |
| B6                                  | CG1-Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais   |
| B7                                  | CG2-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización  |



|     |  |
|-----|--|
| B8  | CG3-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.   |
| B9  | CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados                      |
| B10 | CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.    |
| C1  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C2  | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe   |   |   |  |
|---|---|---|--|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título                                     |   |  |
| Comprende-la fundamentación da análise de proxectos de investimento | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5<br>A6<br>A7<br>A8<br>A9<br>A11<br>A12        | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9        | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |
| Afondar na comprensión da lóxica financeira                         | A1<br>A4<br>A5<br>A6<br>A8<br>A9  | B1<br>B5<br>B7<br>B9                                      | C6<br>C10                                    |
| Saber avaliar un investimento non financeiro                        | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5<br>A6<br>A7<br>A8<br>A9<br>A10<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |



|  |     |    |    |
|--|-----|----|----|
| Utilizar as ferramentas informáticas axeitadas para lograr máis eficiencia nos cálculos necesarios nos apartados anteriores. | A1  | B2 | C2 |
|  | A2  | B6 | C3 |
|  | A3  | B7 |    |
|  | A6  |    |    |
|  | A8  |    |    |
|  | A9  |    |    |
|  | A10 |    |    |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| Avaliación de proxectos de investimento. O valor. | Introdución á avaliación de investimentos.<br>Fundamentos e fases do modelo de avaliación.<br>Os fluxos de caixa (método directo)<br>Os fluxos de caixa (método indirecto)<br>O valor actual neto<br>A taxa interna de rendemento<br>Outros criterios: O payback e o índice de rendibilidade |
| O risco dos proxectos individuais                 | Risco e incertidume<br>Análise de sensibilidade.<br>Introdución á simulación.<br>As árbores de decisión.   |
| Modelos avanzados de avaliación de investimentos  | O investimento en equipos.<br>Decisións de investimento con racionamento de capital.<br>Enfoques de decisión multicriterio. AHP.   |

| Planificación             |  |   |                         |              |
|---------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas     | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral          | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A7 A8 A9 A10 A11 B2<br>B6 B7 B9 C3 C4 C5<br>C6 C7 C8                                    | 17                                      | 34                      | 51           |
| Estudo de casos           | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A7 A8 A9 A10 A11<br>A12 B1 B2 B3 B4 B5<br>B6 B7 B8 B9 B10 C1<br>C2 C3 C4 C5 C6 C7<br>C8 | 25                                      | 50                      | 75           |
| Prácticas a través de TIC | A1 A2 A6 A8 A9 A10<br>A11 B3 B4 B6 C3  | 4                                       | 8                       | 12           |
| Proba mixta               | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A7 A8 A11 B1 B2 B3<br>B4 B5 B6 B7 B8 B9<br>B10 C1 C2 C4 C6 C7<br>C8                     | 2                                       | 9                       | 11           |
| Atención personalizada    |  | 1                                       | 0                       | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |
|--------------|
|--------------|



| Metodoloxías              | Descrición  |
|---------------------------|---|
| Sesión maxistral          | Presentación dos aspectos xerais do tema.   |
| Estudo de casos           | O curso centrarase no estudo de proxectos de investimento realistas, complementados con exercicios sobre técnicas e modelos específicos.  |
| Prácticas a través de TIC | Desenvolvemento e aplicación de modelos de análise mediante folla de cálculo e/ou software específico. Programaranse 3 sesións de titoría en grupo reducido de 80 minutos por M. Teams en datas que se acordarán na aula. |
| Proba mixta               | Proba de avaliación escrita, de contido teórico - práctico  |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                                  | Descrición  |
|---|---|
| Estudo de casos<br>Proba mixta                | As actividades prácticas desenvolveranse nas aulas e como extensión delas, o cal require, pola súa propia natureza, unha supervisión por parte dos docentes.  |
| Sesión maxistral<br>Prácticas a través de TIC | As titorías individualizadas (no horario oficial publicado pola facultade para cada profesor), así como as titorías de pequeno grupo que se programen, realizaranse a través de Microsoft Teams. Fora deste horario, os estudantes poderán facer preguntas a través dos foros establecidos en Moodle. |

### Avaliación

| Metodoloxías              | Competencias / Resultados  | Descrición   | Cualificación |
|---------------------------|--|--|---------------|
| Estudo de casos           | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A7 A8 A9 A10 A11<br>A12 B1 B2 B3 B4 B5<br>B6 B7 B8 B9 B10 C1<br>C2 C3 C4 C5 C6 C7<br>C8 | Valorarase a capacidade de formular, resolver e analizar modelos de avaliación de proxectos de investimento.   | 30            |
| Proba mixta               | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A7 A8 A11 B1 B2 B3<br>B4 B5 B6 B7 B8 B9<br>B10 C1 C2 C4 C6 C7<br>C8                     | Cunha orientación eminentemente práctica, pretende medir a calidade xeral da aprendizaxe, as habilidades e competencias desenvolvidas polo alumnado.   | 70            |
| Prácticas a través de TIC | A1 A2 A6 A8 A9 A10<br>A11 B3 B4 B6 C3  | As TIC teñen nesta materia un papel instrumental. En consecuencia, aínda que non se valorará directamente a seu dominio, nalgúns casos prácticos avaliados poderían utilizarse ferramentas informáticas. | 0             |

### Observacións avaliación



## A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.

2. Identificación do estudante: O estudante ha de acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

## B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN:

1. Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.

2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial serán avaliados seguindo os mesmos criterios que os estudantes a tempo completo.

## C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

1. Primeira oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliación anteriormente indicados nesta sección.

2. Segunda oportunidade: ao mesmo que na primeira oportunidade, realizarase unha proba mixta cun valor do 70% da avaliación. Para o 30% restante poderase manter a cualificación de avaliación continua ou pode optarse por contestar unha pregunta de ensaio que se desenvolverá a continuación do exame. No caso de presentarse á recuperación da avaliación continua, a súa cualificación, calquera que sexa, substituirá á obtida na primeira oportunidade.

3. Convocatoria adiantada: As condicións de avaliación da Oportunidade Adiantada (art. 19 das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Cualificacións dúas Estudos de Grao e Mestrado Universitario) serán específicas para esta oportunidade. Esta será avaliada por medio dunha proba mixta que suporá o 100 % da cualificación final. Esta proba mixta será deseñada de maneira singular e específica para valorar en que medida o/a estudante adquiriu os resultados da aprendizaxe aos que se fai referencia na presente guía.

## D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

Avaliación continua: As actividades de avaliación continua serán valoradas só cando se leven a cabo de acordo coa programación prevista do grupo correspondente, agás nos casos expresamente previstos na normativa académica (deportistas de alto nivel). No cálculo da avaliación continua serán consideradas as tres mellores puntuacións das catro probas realizadas ao longo do período docente. Cada proba valerá un punto.

Adicionalmente, a participación en actividades complementarias programadas (conferencias, seminarios, etc.) poderá engadir ata medio punto á suma das cualificacións do exame e da avaliación continua. En todo caso, a máxima puntuación que se pode obter será de dez puntos.

## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fernández Castro, A.S. e Iglesias Antelo, S. (2000). Métodos Cuantitativos de Selección de Inversiones. Casos prácticos. . Santiago: Tórculo Edicións</li> <li>- BREALEY, R.A.; MYERS, S.C y ALLEN, F. (2023). Principles of Corporate Finance, 14th Edition. MacGraw-Hill</li> <li>- BREALEY, R.A.; MYERS, S.C y ALLEN, F. (2020). PRINCIPIOS DE FINANZAS CORPORATIVAS, 13ª ed.. MacGraw-Hill</li> </ul> <p>Outras edicións do manual de Brealey &amp; Myers, ou doutros destes autores, proporcionan tamén axuda para a maioría dos conceptos tratados.</p>  |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Suárez, A. (2005 ). Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa. . Madrid: Pirámide</li> <li>- Boedo Vilabella, Lucía (2010). Evaluación de un proyecto de inversión en entornos de certeza, riesgo e incertidumbre. . Editorial Reprografía del Noroeste, A Coruña</li> <li>- Berk, J.; DeMarzo, P. (2017). Finanzas Corporativas / Corporate Finance. Pearson</li> <li>- Piñeiro, C.; de Llano, P (2006). Dirección Financiera: modelos avanzados de decisión con Excel. . Madrid: Delta</li> <li>- Doldán, F. (2003). Métodos cuantitativos de selección de inversiones. . Santiago: Tórculo</li> <li>- Pindado García, J. (2012). Finanzas Empresariales.. Madrid: Paraninfo</li> <li>- Fernández Castro, Ángel S. (coord.), Lado Sestayo, Rubén / de Llano Paz, Fernando (2021). Guía para implantar la gestión del riesgo en la empresa paso a paso. Vigo: Fundación INADE, Instituto Atlántico del Seguro</li> </ul> |

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Análise das Operacións Financeiras/611G02004

Estatística I/611G02006

Matemáticas II/611G02010

Contabilidade Financeira I/611G02013

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Teoría do Financiamento/611G02021

Planificación Financeira/611G02034

### Observacións

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informáticob. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socio culturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.5. Outras:No escenario docente semipresencial, combinaríanse sesións presenciais e en liña, seguindo as instrucións da institución.O uso de dispositivos electrónicos (ordenadores, tabletas e teléfonos) na aula poderá autorizarse exclusivamente para usos académicos.

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías